

Coordinación:
Patricia Núñez Sánchez
Natalia Lampón Pimentel

abrollarela@yahoo.es
www.blogoteca.com/abrollarela
616 628 762 / 636 08 243

“A Fábrica de Agasallos” **Nadal en verde na Alameda**

Habitualmente nas festas de Nadal a compra de agasallos e xoguetes constitúe o maior motivo de gasto en gran parte dos fogares. Cos nosos obradoiros buscamos fomentar o consumo responsable, estimular a expresión creadora dos nenos e fuxir de ideas consumistas que tanto nos afastan dos verdadeiros valores que queremos inculcar aos máis pequenos.

Nestes obradoiros ofreceremos a posibilidade de que os participantes no mesmo elaboren diferentes propostas plásticas (móviles, bolsas decoradas, faroliños, xoguetes...) cas que agasallarse a si mesmos ou para agasallar aos seus nestas datas.

En cada un dos obradoiros desenvolverase unha actividade diferente partindo na maior parte deles de **materiais de refugallo** xunto con outros materiais de uso convencional tanto nas escolas como nos propios fogares.

Nº de obradoiros: 14

Lugar: Centro de Interpretación de Parques e Xardíns da Alameda, Santiago de Compostela.

Horario: mañás 11h30-14h00 / tardes 17h-20h30

Nº de monitores por obradoiro: 3

Nº estimativo de participantes: 50 por obradoiro

Destinatarios: nenos/as de entre 5 e 12 anos.



Posibles obradoiros a realizar:*

- 1- Decoración de bolsas e mochilas de algodón (2 obradoiros)
- 2- Axóuxeres de Nadal (con palla, cascabeis, lazo e abelorios)
- 3- Móbil decorativo “A espiral xiratoria”.
- 4- Tarxeta balancín (postal empregando retais con diferentes texturas).
- 5- Faroliños de Nadal (reciclando botes de vidro).
- 6- A flor- lupa “O mundo a cores ” (con pratos de cartón).
- 7- Tapiz con motivos naturais (con retais e fieltro).
- 8- Combas con botes de actimel.
- 9- Mini-árbores de Nadal con piñas
- 10-Lapiseiros de cartón
- 11-Decoración de Nadal
- 12- Bonequiños dos desexos (cunha variña de pau para decorar as plantas ou poñer ao pé da árbore de Nadal).
- 13-Elaboración de Broches de Nadal.

**Estes obradoiros quedan pendentes de confirmación dependendo da dispoñibilidade dos materiais.*

Como complemento aos obradoiros ofrecemos:



Empaquetado de agasallos:

No caso de que os participantes nos obradoiros queiran agasallar aos seus con algunha das manualidades realizadas, daráselles a posibilidade de empaquetar os agasallos e de escribir unha postal de felicitación que se incluíría no mesmo.

Desexos de Nadal:

Esta actividade consistiría en colocar un panel ou corcho onde tanto os participantes nos obradoiros como os adultos que os acompañen poderán colgar os seus desexos de Nadal conformando un gran colaxe de desexos positivos para estas festas.



Calendario de obradoiros:

horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
11h30 a 14h	17	18	19	20	21 obradoiro	22 obradoiro	23 obradoiro
17h A 20h30						obradoiro	obradoiro
11h30 a 14h	24 obradoiro	25	26 obradoiro	27 obradoiro	28 obradoiro	29 obradoiro	30 obradoiro
17h a 20h30	obradoiro					obradoiro	obradoiro

Orzamento: 8950€

Este orzamento inclúe deseño do proxecto e da campaña publicitaria, materiais, e monitorado dos 14 obradoiros contando cunha participación duns 50 rapaces por obradoiro.

